



**Informe da IX convocatoria para a avaliación da
actividade docente do profesorado da UDC**

PROGRAMA DOCENTIA

**Aprobado pola Comisión Interna de Universidade o
8/10/2021**

Contido

1. Antecedentes.....	3
2. IX convocatoria para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC	3
2.1. Xornadas de formación.....	3
2.2. Comisións de avaliación	4
2.2.1. Comisión Interna de Universidade	4
2.2.2. Comités de avaliación docente	4
2.3. Análise dos resultados da convocatoria	4
2.4. Análise dos resultados globais da avaliación docente.....	7
2.5. Reclamacións ás resolucións da CIU	7
2.6. Participación do alumnado na avaliación docente da UDC	8
2.7. Satisfacción dos axentes implicados no proceso de avaliación	8
2.7.1. Satisfacción do profesorado avaliado.....	8
2.7.2. Satisfacción das autoridades académicas.....	10
2.7.3. Satisfacción dos membros dos CAD	11
2.8. Melloras achegadas polos axentes implicados no proceso	12
2.9. Difusión do proceso de avaliación e dos resultados.....	13
3. Seguimento das accións de mellora propostas ao profesorado.....	13
4. Melloras incorporadas no manual.....	14
5. Conclusións	15
6. Accións de mellora (AM)	17

1. Antecedentes

O Programa Docentia da Universidade da Coruña (UDC) aprobouse, por primeira vez, na sesión do Consello de Goberno (CG) do 18/12/2007 e enviouse á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) para a que a súa Comisión de Avaliación o valorase. Tras atender as recomendacións que figuraban no informe provisional de tal comisión, o CG, na sesión do 23/07/2008, aprobou a segunda edición do *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC*. O informe positivo de verificación do deseño da avaliación da actividade docente recibíuse o 18/09/2008, o que lle permitiu á UDC comezar coa fase de implantación do Programa.

O 20/01/2009 o CG aprobou a composición da Comisión Interna de Universidade (CIU), que quedou constituída o 29/01/2009. O proceso que se segue durante a fase de implantación é o seguinte:

1. A Unidade Técnica de Calidade (UTC) elabora a convocatoria e modifica o manual con base nas recomendacións da Comisión de Seguimento e as persoas que participan no proceso (profesorado avaliado, autoridades académicas e membros dos comités de avaliación docente, nomeadamente).
2. A CIU analiza a dita documentación e dálle o seu visto e praxe.
3. O CG aproba a documentación correspondente a cada convocatoria.
4. A CIU publica a/s convocatoria/s e a correspondente edición do manual.
5. Ten lugar o desenvolvemento da convocatoria.
6. A CIU analiza os resultados da convocatoria e aproba o informe final.
7. O informe remítese á ACSUG para que a Comisión de Seguimento o avalíe.

Na edición vixente do [manual](#) recóllense as actualizacións de cada convocatoria.

2. IX convocatoria para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC

A IX convocatoria de avaliación (06/05/2020) está publicada na [páxina web da UTC](#), xunto coa documentación asociada a ela. A décima edición do manual de avaliación foi aprobada polo CG na mesma data.

2.1. Xornadas de formación

Tanto a xornada de formación dirixida ao profesorado participante na avaliación como a dirixida aos comités de avaliación docente (CAD) organizáronse de xeito telemático a través da ferramenta Teams por mor da covid. Ambas as dúas foron gravadas, o que permitiu que o profesorado e os membros dos CAD puidesen consultalas en calquera momento, ao seren incorporadas á aplicación informática a través de que se xestiona o proceso de avaliación.

A xornada de formación dirixida aos/as 165 docentes que foron admitidos/as tivo lugar o 26/05/2020 e contou cunha asistencia do 67,68%. A xornada acadou na enquisa de satisfacción unha puntuación de 5,69 sobre 7, o que indica unha boa acollida por parte das persoas participantes.

A xornada de formación para os CAD tivo lugar o 06/11/2020 e, a diferenza dos anos anteriores, estivo dirixida a todas as persoas que os forman, participasen ou non en convocatorias anteriores. Antes da xornada, recibiron a documentación por correo electrónico (guía de avaliación dos CAD, manual e convocatoria). Pedíuselles que cubrisen unha enquisa de satisfacción, práctica que xa se iniciara na VIII convocatoria (AM1), en resposta á M6 indicada pola Comisión de Seguimento no quinto informe de avaliación externa. A xornada acadou, nesta enquisa, unha puntuación de 5,79 sobre 7. Este resultado mostra unha mellora con respecto á VIII convocatoria (5,67), que pode ser atribuíble á asistencia de todos os membros dos CAD á devandita xornada.

2.2. Comisións de avaliación

2.2.1. Comisión Interna de Universidade

A CIU é a encargada da posta en funcionamento, o control e o seguimento do proceso de avaliación. A súa composición é pública e está actualizada na [páxina web da UTC](#). As súas funcións recóllense na [décima edición do manual](#).

2.2.2. Comités de avaliación docente

O perfil dos membros e a composición dos CAD seguiu o establecido no manual.

Nesta IX convocatoria publicáronse a [IV convocatoria para o alumnado da UDC](#) e a [V convocatoria para o profesorado da UDC](#).

Canto á IV convocatoria para o alumnado da UDC formar parte dos CAD, cabe salientarmos que na rama de Artes e Humanidades non houbo solicitudes. Na rama de Enxeñaría e Arquitectura presentáronse catro, mentres que na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas se contou con dúas solicitudes, e para as ramas de Ciencias e de Ciencias da Saúde só houbo unha en cada unha. Estas dúas últimas solicitudes foron excluídas por non cumprir os requisitos establecidos na convocatoria. Por tanto, cumpriu pedirle á ACSUG alumnado externo para cubrir as prazas vacantes.

Na V convocatoria para o profesorado da UDC, na rama de Artes e Humanidades presentáronse catro solicitudes (tres excluíronse na lista provisional e aceptouse a reclamación dunha delas); na de Enxeñaría e Arquitectura, cinco (unha delas excluída); na de Ciencias Sociais e Xurídicas, catro (excluíuse unha e houbo unha renuncia); na de Ciencias, dúas, e na Ciencias da Saúde, catro (dúas excluídas).

2.3. Análise dos resultados da convocatoria

O 14/05/2020, data en que rematou o prazo de presentación de solicitudes, pediran ser avaliados/as 181 docentes.

Após aplicar os requisitos esixidos na convocatoria, a CIU admitiu 164 docentes e publicou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. No prazo de presentación de reclamacións recibíronse tres, das cales só se estimou unha. As outras dúas instaban a admisión no proceso pese a non cumprir os requisitos da convocatoria, polo que foron desestimadas. Xa que logo, os/as profesores/as excluídos/as por non cumprir os requisitos de admisión ou de formalización das solicitudes foron 16 (8,84% do total de persoas solicitantes), en tanto que os/as admitidos/as foron 165 (91,16%).

Durante o proceso de avaliación deses/as 165 docentes, 14 (8,48%) foron excluídos/as por non cumprir o establecido no tocante ás fases e os prazos da convocatoria, e nove (5,45%) por concorrer algunha das circunstancias previstas no apartado 4.2 do manual (isto é, por non presentar o autoinforme segundo o modelo establecido ou por presentalo incompleto). Finalmente foron avaliados/as 142 docentes (78,45%) e excluídos/as 39 (21,55%).

Todos os datos están recollidos no [informe de resultados da convocatoria](#) que aprobou a CIU, desagregados por centro, departamento, rama e categoría.

En canto ás solicitudes e a admisión nesta convocatoria cabe destacarmos os seguintes datos:

- a) Todos os centros contaron con profesorado solicitante, admitido e avaliado.
- b) A Facultade de Informática contou con 38 solicitudes e 31 docentes avaliados/as. Isto implica o 39,58% e o 32,29%, respectivamente, do total do profesorado que cumpre os criterios establecidos nesta convocatoria.
- c) A Escola Universitaria Politécnica contou con sete solicitudes e seis docentes avaliados/as; un 36,84% e un 31,58%, respectivamente, do total do profesorado que cumpre os criterios establecidos nesta convocatoria.
- d) A ETS de Náutica e Máquinas contou con 11 solicitudes e oito docentes avaliados/as. É dicir, o 32,35% e o 23,53%, respectivamente, do total do profesorado que cumpre os criterios establecidos nesta convocatoria.
- e) A ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos contou con 21 solicitudes e 13 docentes avaliados/as. Isto supón un 29,58% e un 18,31%, respectivamente, do total do profesorado que cumpre os criterios establecidos nesta convocatoria.
- f) A Facultade de Humanidades e Documentación contou con unha solicitude e un/unha docente avaliado/a, o que representa o 5,26% do total do profesorado que cumpre os criterios establecidos nesta convocatoria.
- g) A Facultade de Ciencias da Saúde contou con dúas solicitudes e dous/dúas docentes avaliados/as, o que representa o 5,71% do total do profesorado que cumpre os criterios establecidos nesta convocatoria.
- h) Dos 26 departamentos da UDC, 25 contaron con profesorado solicitante, admitido e avaliado.

i) O 31,49% das solicitudes e o 30,28% do profesorado avaliado pertencen ao Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información (30 solicitudes e 24 docentes avaliados/as), ao de Enxeñaría Civil (14 solicitudes e 10 docentes avaliados/as) e ao de Matemáticas (13 solicitudes e nove docentes avaliados/as). Trátase de departamentos adscritos aos dous centros que contan con máis profesorado solicitante e avaliado.

j) As cinco ramas de coñecemento contaron con profesorado solicitante, admitido e avaliado.

k) O 53,03% das solicitudes corresponde á rama de Enxeñaría e Arquitectura. Delas foron avaliadas o 52,82%.

l) No que respecta á categoría do profesorado, o 41,99% das solicitudes correspondeu a profesorado titular de universidade (47,18% avaliadas), o 23,20% a profesorado contratado doutor (21,13% avaliadas) e o 12,18% a catedráticos/as de universidade (11,97% avaliadas).

No tocante aos resultados obtidos polo profesorado, cómpre mencionarmos os seguintes datos:

a) A valoración global por centros non reflicte diferenzas das obtidas por rama de coñecemento.

b) O 83,33% do profesorado avaliado do Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación e o 75% do profesorado avaliado do Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña obtiveron unha valoración final de *desempeño excelente*, o que contrasta coa valoración global obtida polo profesorado da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas e da rama de Enxeñaría e Arquitectura, respectivamente.

c) Unha alta porcentaxe do total do profesorado das ramas de Ciencias (72,73%), Artes e Humanidades (70%) e Ciencias da Saúde (63,64%) obtivo unha valoración final de *desempeño excelente*.

d) A maioría do profesorado das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas (61,76%) e de Enxeñaría e Arquitectura (57,89%) obtivo unha valoración global de *desempeño notable*.

e) As valoracións globais por dimensión manteñen unha tendencia similar ás acadadas nas anteriores convocatorias. Segue a existir un desequilibrio nas da dimensión de resultados, como se pode comprobar na seguinte táboa:

Táboa 1. Valoracións globais por dimensión

	Planificación da docencia	Desenvolvemento do ensino	Resultados
Desempeño excelente	63,38%	50%	20,42%
Desempeño notable	36,62%	49,30%	66,90%
Desempeño aceptable	0%	0,70%	12,68%

Por conseguinte, mantense a acción de mellora AM2.

a) 20 docentes obtiveron unha valoración de *desempeño excelente* nas tres dimensións, polo que conseguiron o certificado de excelencia, de acordo co que se establece no manual. Sete pertencen á rama de Enxeñaría e Arquitectura; catro, á rama de Ciencias; catro, á rama de Ciencias Sociais e Xurídicas; tres, á de Artes e Humanidades; e dous/dúas, á de Ciencias da Saúde. É a primeira vez que PDI das cinco ramas de coñecemento obtén a dita cualificación.

b) Só un/unha docente obtivo unha valoración global de *desempeño aceptable* e ningún/ningunha a valoración de *desempeño insuficiente*.


O profesorado avaliado nesta convocatoria representa o 14,65% do total do PDI que cumpría os requisitos establecidos. Isto implica un incremento notable, xa que nas catro primeiras convocatorias non superaba o 10%. A partir da V convocatoria a porcentaxe de profesorado avaliado foi aumentando debido a que podía solicitar un novo quinquenio de avaliación docente.

2.4. Análise dos resultados globais da avaliación docente

Ata o momento, avaliáronse 697 docentes, o que representa o 49,50% do PDI da UDC ([Memoria de xestión 2019. Informe do reitor para o Claustro](#)). Se se ten en conta o total do profesorado avaliado en máis dunha convocatoria (que renovou a avaliación) a porcentaxe é do 78,55%.

Na figura 1 pódese comprobar que o profesorado que se somete a avaliación é o que adoita concorrer aos procesos que lle permiten promocionar a categorías superiores, en que acadar unha avaliación favorable no Programa Docentia se valora como mérito.

Figura 1. Porcentaxe de PDI avaliado nas nove convocatorias do Programa Docentia, por categoría



2.5. Reclamacións ás resolucións da CIU

Recibíronse 11 reclamacións á resolución provisional da CIU, que foron enviadas aos CAD correspondentes para que as valorasen e remitisen o seu informe á CIU.

a) Ciencias da Saúde. Na reclamación que se presentou, que finalmente foi desestimada, solicitábase a revisión das valoracións de *desempeño notable* nas dimensións de planificación da docencia e resultados.

b) Ciencias Sociais e Xurídicas. Presentáronse tres reclamacións: dúas sobre a exclusión do proceso, ao se considerar que o autoinforme si se axustaba ao modelo establecido pola convocatoria; e unha terceira que se manifestaba o desacordo coas accións de mellora indicadas na resolución. As dúas primeiras foron desestimadas, mentres que a terceira se estimou en parte, o que levou a eliminar dúas das accións de mellora da resolución de avaliación.

c) Enxeñaría e Arquitectura. Presentáronse sete reclamacións: catro foron parcialmente estimadas, e comportaron modificar tanto as valoracións como as accións de mellora; desestimáronse dúas, nun dos casos porque non procedía modificar as puntuacións e noutro porque non procedía retrotraerse ao momento da exclusión da avaliación; e unha foi estimada integramente, de tal xeito que se subiu a puntuación na dimensión en que se pedía.

2.6. Participación do alumnado na avaliación docente da UDC

Os [datos de participación](#) son públicos e están actualizados.

No curso académico 2019/20 a participación media foi do 34,4%. Daquela, estamos ante nun lixeiro aumento con respecto aos catro cursos anteriores, en que se situou no 30%. A porcentaxe de participación é variable nos diferentes títulos e centros, e para facer cambios que leven á súa mellora deberíase acometer unha modificación global da convocatoria. En coherencia, elaborouse unha acción de mellora AM3 que dá resposta á recomendación R2 do quinto informe de avaliación externa da Comisión de Seguimento. Actualmente están a ter lugar reunións de traballo ao respecto.

2.7. Satisfacción dos axentes implicados no proceso de avaliación

2.7.1. Satisfacción do profesorado avaliado

Para medir o grao de satisfacción do PDI avaliado, envíase unha enquisa dividida en dúas partes (AM1). Na primeira, que se remite ao profesorado unha vez que remata coa incorporación/revisión das evidencias e a elaboración do autoinforme, pregúntaselle sobre a aplicación informática e o desenvolvemento do proceso. A segunda está composta por ítems relacionados cos resultados obtidos e as accións de mellora propostas, e envíase conxuntamente coa resolución da CIU.

Nesta IX convocatoria de avaliación, a enquisa completa (anexo I) remitíuselle ao profesorado ao remate do proceso de avaliación, debido á covid. A porcentaxe de participación foi dun 49,67%, fronte ao 70% da convocatoria anterior, polo que se reduciu dun xeito importante precisamente nun momento en que se estaba a consolidar a tendencia ascendente no incremento das respostas, o cal implicaba que a acción de mellora AM1 estaba a ser efectiva. Por este motivo, recuperárase a súa aplicación en dous períodos separados e en versión en liña, para facilitar o

tratamento e a análise dos datos.

Introducíronse cambios na enquisa (táboa 2): incorporouse un novo ítem para recoller información sobre a xestión da documentación dentro da aplicación informática por parte das persoas solicitantes e reescribíronse tres para axustar as preguntas ás necesidades de información e adaptalas ás novas características do proceso de avaliación (sinálase en letra grosa dentro da táboa 2). Respecto aos resultados obtidos en cada un dos ítems, continúaase a consolidar a satisfacción das persoas avaliadas, como xa se indicaba no informe anterior.

Táboa 2. Resultados da enquisa de satisfacción correspondente á IX convocatoria

Ítems	Media
APLICACIÓN INFORMÁTICA	
Resúltolle de fácil acceso	5,96
Foi fácil de utilizar	5,73
Ante as dúbidas xurdidas ao usala recibiu información correcta desde a UTC	6,71
Ante problemas técnicos xurdidos facilitáronse novas vías alternativas	6,38
Facilitoulle o labor de incorporar os datos e os xustificantes correspondentes (novo)	5,74
Facilitoulle o labor de revisar e reclamar os datos que incorporou a UTC (reescrito)	5,84
Está axustada aos requirimentos do Programa Docentia	5,82
Facilitoulle a elaboración do autoinforme	5,49
DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DOCENTIA	
Se asistiu á xornada formativa convocada pola Vicerreitoría sobre o Programa Docentia, aclaroulle o que posteriormente tivo que realizar no Programa Docentia	5,69
As veces que contactou coa UTC a información recibida foi adecuada	6,67
As veces que contactou coa UTC o trato recibido foi adecuado	6,75
A información que lle enviou a CIU, a través dos correos electrónicos, sobre o desenvolvemento do proceso (fases, datas etc.) foi adecuada (reescrito)	6,45
Os prazos foron axeitados	6,22
O autoinforme é fácil de completar	5,00
O tempo investido en completar o autoinforme é adecuado	4,64
O contido do autoinforme é adecuado para valorar a calidade docente	4,78
Considera adecuadas as etapas do Programa Docentia: presentación da solicitude, incorporación das evidencias e dos xustificantes correspondentes, revisión e reclamación das evidencias que incorporou a UDC e elaboración do autoinforme (reescrito)	5,92
RESULTADOS	
O procedemento de envío da resolución da CIU co resultado obtido na avaliación parécelle adecuado	6,48
A composición da CIU parécelle adecuada	6,12
A forma de selección dos membros dos CAD mediante a convocatoria pública entre o PDI da UDC parécelle correcta	5,95
Considera adecuadas as propostas de mellora que recibiu na resolución da CIU co resultado obtido na avaliación	5,24
Sentiuse avaliado/a correctamente	5,79
Está de acordo coas consecuencias derivadas dos resultados de avaliación	
Xerar información para a UDC sobre a calidade do seu profesorado	5,85
Elaboración dun plan formativo para o profesorado da UDC	6,00

Ítems	Media
Ter preferencia para participar no Programa de apoio ao ensino da UDC	5,85
Valoración como mérito nos concursos para a provisión de prazos de profesorado interino e laboral contratado	5,94
Valoración como mérito nas convocatorias de complementos autonómicos da Xunta de Galicia	6,08
Consideración como mérito na concesión de axudas en convocatorias de innovación da UDC	5,96

a) Os ítems mellor valorados son os que teñen a ver coa xestión realizada pola UTC. Trátase dunha puntuación que segue en aumento en relación con convocatorias anteriores. Parécenos relevante, tendo en conta que falamos dun proceso voluntario en que o apoio da UTC é fundamental para acompañar os participantes nas súas diferentes fases, amais de para favorecer mesmo a solicitude de avaliación.

b) Mantense a satisfacción cos prazos en que se desenvolve o programa, respecto a anteriores convocatorias. Estase a traballar na súa consolidación, con vistas a que o PDI poida contar cuns prazos estables.

c) A satisfacción coas accións de mellora recollidas nos informes mantense estable, logo da mellora experimentada noutras convocatorias (VI convocatoria: 4,80; VII convocatoria: 5,13; VIII convocatoria: 5,46) (AM4 en resposta á R4).

d) É significativa a mellora na valoración dos ítems referidos ao autoinforme, tradicionalmente mal cualificados: *O tempo investido en completar o autoinforme é adecuado* e *O contido do autoinforme é adecuado para valorar a calidade docente*. Este último foi o peor valorado na VIII convocatoria, motivo polo que se estableceu como acción de mellora a súa simplificación (véxase a AM9 no apartado 6), para incluír nesta IX convocatoria. Canto ao ítem *O autoinforme é fácil de completar*, a valoración baixou con respecto á anterior convocatoria; dado que o autoinforme foi modificado nesta, nas vindeiras convocatorias farase un seguimento por se cumprixe poñer en marcha unha acción de mellora.

2.7.2. Satisfacción das autoridades académicas

A enquisa de satisfacción das autoridades académicas, para direccións de centro e de departamento, cóbrese desde a VII convocatoria (anexo II). A porcentaxe de resposta foi do 45,45%. Os resultados obtidos (táboa 3) reflicten a tendencia positiva nas valoracións (AM1 en resposta á antiga M6 e actual M1). Os ítems mellor valorados son os referidos á atención prestada ante consultas, dúbidas e incidencias por parte da UTC. Outro aspecto importante é que a aplicación informática resulta de axuda para a revisión das evidencias e a xestión dos informes, así como que os prazos para facelo cada vez están mellor valorados.

Táboa 3. Resultados de satisfacción das autoridades académicas na IX convocatoria

Bloques de contido	Puntuacións
APLICACIÓN INFORMÁTICA	
Resultoulle de fácil acceso	6,20
Foi fácil de utilizar	6,44
Ante as dúbidas xurdidas á hora de usala recibiu información correcta e axustada desde a UTC	6,40
Ante problemas técnicos xurdidos, de ser o caso, facilitáronse vías alternativas	6
Facilitoulle o labor de revisar datos sobre o profesorado do que se lle requiría informe	5,67
Está axustada aos requirimentos do Programa Docencia	6,10
Facilitoulle a elaboración dos informes	6,21
DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DOCENCIA	
Resultoulle fácil cubrir os informes (recolocado no apartado anterior)	6,17
As veces que contactou coa UTC a información recibida foi adecuada	6,69
As veces que contactou coa UTC o trato recibido foi adecuado	6,69
Os prazos para cubrir os informes foron adecuados	6,28
INFORME DAS AUTORIDADES ACADÉMICAS	
A redacción dos ítems pareceulle clara	5,83
Soubo como responder todas as cuestións que se lle formulaban	6,04
Os ítems que compoñen o informe parecerónlle adecuados	5,61
Considera que o devandito informe achega información importante ao proceso de avaliación	5,17

2.7.3. Satisfacción dos membros dos CAD

Desde a I convocatoria, a satisfacción dos CAD recóllese a través das observacións que figuran na acta que elaboran na reunión de consenso. En resposta ao quinto informe de seguimento da Comisión de Avaliación (M6), na VIII convocatoria elaborouse unha enquisa de satisfacción (anexo III) (AM1). Nesta convocatoria a porcentaxe de participación foi do 77,50% (táboa 4), co que se incrementou significativamente a anterior (55%).

Táboa 4. Resultados de satisfacción dos membros dos CAD na IX convocatoria

Bloques de contido	Puntuacións
APLICACIÓN INFORMÁTICA	
Resultoulle de fácil acceso	6,48
Foi fácil de utilizar	6,19
Resultoulle fácil cubrir os informes do profesorado	5,81
Facilitoulle a tarefa de revisar as evidencias/indicadores do profesorado	5,07
Facilitoulle a tarefa de revisar os xustificantes/certificados relativos ás evidencias/indicadores do profesorado	5,19
Facilitoulle a tarefa de consultar os informes das autoridades académicas (responsables dos centros e dos departamentos)	5,71
Facilitoulle a elaboración dos informes	5,77
DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DOCENCIA	
Se asistiu á xornada formativa convocada pola Vicerreitoría, aclaroulle o que posteriormente tivo que realizar no Programa Docencia	5,79
As veces que contactou coa UTC a información recibida foi adecuada	6,85

Bloques de contido	Puntuacións
As veces que contactou coa UTC o trato recibido foi adecuado	6,90
A información que lle enviou a UDC sobre o desenvolvemento do proceso foi adecuada (manual, datos de contacto dos/as presidentes/as dos comités etc.)	6,45
A información que lle enviou o/a presidente/a do CAD sobre o desenvolvemento do proceso foi adecuada (guía de avaliación para os comités, criterios para avaliar, documento cos datos das persoas que compoñen o comité etc.)	6,52
O prazo para elaborar os informes do profesorado foi adecuado	5,71
Os informes son fáciles de completar	5,39
O tempo investido en completar os informes é adecuado	5,28

Pódese comprobar o que xa se viña observando a través dos datos contidos nas actas dos CAD: globalmente, a satisfacción co proceso de avaliación é elevada. A valoración redúcese no caso da tarefa de revisión das evidencias e os seus correspondentes certificados/xustificantes, por causa, probablemente, de que na VIII e na IX convocatoria esa tarefa dependeu exclusivamente dos CAD, como se explicou no informe de resultados anterior. Farase un seguimento das devanditas valoracións para establecer accións correctoras, de ser necesario. Mantense a tendencia á alza na valoración da atención ás consultas realizada pola UTC.

2.8. Melloras achegadas polos axentes implicados no proceso

As melloras achegadas polos diferentes axentes implicados están arquivadas na UTC. Todas elas foron recollidas para o seu estudo e consideración co fin de as incorporar ao proceso de avaliación na seguinte convocatoria, de ser o caso.

A modo de síntese, preséntanse os temas máis significativos das observacións efectuadas polos diferentes axentes implicados no proceso.

As melloras da aplicación informática, con independencia do colectivo que as suxira, analízanse coa persoa responsable de xestionala na ACSUG. No caso de que poñelas en marcha sexa viable, faise na seguinte convocatoria.

a) Observacións dos CAD:

- Establecer pautas para puntuar as evidencias e os indicadores de xeito independente da actual puntuación por elemento de 0 a 10, co fin de homoxeneizar as puntuacións asignadas. Na guía para os membros dos CAD da X convocatoria de avaliación incorpórase unha rúbrica como consecuencia da AM10.
- Saliéntase o feito de que co novo modelo de autoinforme, máis xenérico que o anterior, hai algúns elementos que quedan sen reflexión. Non deberían omitirse porque poden afectar aos resultados de avaliación. Este aspecto será obxecto de especial tratamento na xornada de formación das persoas solicitantes da X convocatoria de avaliación. Non se considera necesario deseñar unha acción de mellora específica.
- No tocante ao Moodle, cómpre contarmos con máis achegas sobre o seu uso por parte das persoas avaliadas. Na X convocatoria solicitarase a inclusión

de capturas de pantalla onde se evidencie o uso da plataforma. Ademais, este aspecto será obxecto de especial tratamento na xornada de formación das persoas solicitantes de avaliación. Por tanto, non se considera necesario deseñar unha acción de mellora específica.

b) Observacións das persoas avaliadas:

- Sinálase a complicación de cubrir o autoinforme, pero agradécese a súa simplificación. Este aspecto será obxecto de especial tratamento na xornada de formación das persoas solicitantes da X convocatoria de avaliación. Non se considera necesario deseñar unha acción de mellora específica.
- Solicítase maior compromiso institucional para a revisión das enquisas do alumnado, ao tempo que se aposta por reducir os seus ítems. Isto xa se tivo en conta no deseño da AM3, en proceso de execución.
- Demándase orientación sobre a puntuación das evidencias/indicadores. Este aspecto quedará solucionado coa publicación da guía dos CAD, en que se vai recoller unha rúbrica de avaliación (AM10).

2.9. Difusión do proceso de avaliación e dos resultados

O proceso difundíuse con claridade e transparencia, a través destas canles:

a) Páxina web da UDC, no [apartado de PDI](#), no [Taboleiro Electrónico Oficial](#) e na [páxina web da UTC](#). Publicouse a seguinte información:

- A convocatoria de avaliación e fases e prazos do proceso
- A relación dos membros que compoñen os CAD
- A IV convocatoria para a selección do alumnado que formaría parte dos CAD, e a súa resolución
- A V convocatoria para a selección do profesorado que formaría parte dos CAD, e a súa resolución
- Os resultados do proceso de avaliación (informes) unha vez que foron aprobados pola CIU

b) A través da conta de correo electrónico (docentia@udc.gal) resólvense as dúbidas, recíbense suxestións sobre o proceso e envíaselle ao profesorado a información relativa ao programa (manual, convocatoria e resultados). Igualmente, ao profesorado que está a ser avaliado, lémbbraselle a finalización das diferentes fases e dos prazos do proceso de avaliación.

3. Seguimento das accións de mellora propostas ao profesorado

As comisións de garantía da calidade (CGC) dos centros fan o seguimento das accións de mellora expostas nas resolucións remitidas ao profesorado. Tal como constaba xa nas edicións oitava e novena do manual, o que segue a ser de aplicación na actual:

No curso académico seguinte a aquel en que o/a profesor/a foi avaliado/a, este/a enviará á CGC do seu centro o autoinforme sobre as accións desenvolvidas e os xustificantes correspondentes, de proceder, para que a dita comisión valore o seu grao de cumprimento.

A CIU, unha vez que recibe os informes das CGC dos centros, inclúeos no informe final institucional da UDC. Ao o/a profesor/a solicitar unha nova avaliación, enviaralles aos CAD o informe de seguimento das accións de mellora aprobado pola CGC, para a súa consideración.

Detectouse que nas últimas convocatorias de avaliación non se estaba a aplicar o procedemento establecido para o seguimento das accións de mellora propostas, tal e como se recolle no manual. Deseñouse daquela unha acción de mellora para pór en marcha na IX convocatoria de avaliación (AM4), actualmente en proceso de execución. Non obstante, desde a V convocatoria, momento en que o PDI podía reavaliarse, os CAD están a realizar o seguimento, a partir da reflexión que o PDI fai no seu autoinforme sobre as accións de mellora propostas pola CIU na avaliación anterior.

4. Melloras incorporadas no manual

Na décima edición do manual aplicáronse as propostas de mellora de necesario cumprimento establecidas no quinto informe de seguimento externo e que quedaron recollidas no informe final da VI, VII e VIII convocatoria. Ademais, tivéronse en conta as novas recomendacións recibidas no último informe de seguimento externo (19/06/2020), de cara ao proceso de revisión e mellora do manual da XI edición e a X convocatoria de avaliación.

As novidades das edicións décima e décimo primeira do manual son estas:

- a) Modifícase a composición dos CAD en función do número de expedientes que teñen que avaliar, con vistas a garantir dese xeito unha repartición do traballo máis equilibrada.
- b) Incorpórase a evidencia *Participación nos grupos de innovación docente (GID)* e tamén se inclúen os programas relacionados coa igualdade, a sustentabilidade, a vida saudable e a atención á diversidade dentro da evidencia *Participación en programas de difusión/divulgación institucionais* na X edición; e das evidencias *Participación na elaboración de MOOC* e *Participación en actividades relacionadas co bacharelato STEAM* na XI edición.
- c) Introdúcense cambios na estrutura do autoinforme de cara a simplificalo.
- d) Engádese a obtención dunha avaliación positiva como mérito para participar como avaliador/a no Programa Docentia, entre as *consecuencias da avaliación docente* da XI edición do manual.
- e) Modifícase a valoración final de *desempeño excelente* a *desempeño notable* naqueles casos en que o/a docente obteña nunha dimensión un desempeño excelente, noutra, notable, e noutra, aceptable.

f) Con vistas a aumentar o número de docentes avaliados/as, na X convocatoria, nos requisitos de admisión do PDI, decidiuse reducir de cinco a tres o número de cursos académicos en que o PDI debe ter impartidos como mínimo 30 créditos.

5. Conclusións

O proceso de mellora continua levado a cabo ao longo das nove convocatorias do Programa Docentia permitiu detectar os puntos fortes e débiles do modelo. Obsérvase que os cambios que se foron efectuando desde a súa posta en marcha permitiron perfeccionar a avaliación, tal e como se pode comprobar a través dos datos e valoracións achegadas nos informes finais de cada convocatoria. Para corrixir os puntos febles elabóranse accións de mellora.

Por outra banda, vense realizando un seguimento da interrelación entre os obxectivos, as consecuencias e os resultados deste programa, como se pode comprobar na seguinte táboa:

Táboa 5. *Interrelación de obxectivos, consecuencias e resultados do Programa Docentia*

Obxectivos	Consecuencias	Resultados
Recoñecer a importancia da actividade docente do profesorado dentro do conxunto de actividades que este realiza na UDC	– Obter o profesorado con certificado de excelencia o recoñecemento do/a reitor/a da UDC. – Incrementar a transparencia e a información pública da institución mediante a difusión dos resultados da avaliación entre os distintos axentes implicados e, especialmente, entre o estudantado.	Actualmente, todo o PDI e o PAS da UDC coñece o programa de avaliación, aínda que non se avalíase (información a través do correo electrónico e difusión a través do taboleiro de novas e os cursos de formación ofertados). O alumnado está informado a través da publicación das convocatorias para formar parte dos CAD, da súa presenza en órganos colexiados implicados a nivel centro (CGC e xunta de centro) e UDC (CIU e Consello de Goberno), así como da súa asistencia ao acto de entrega (acto de celebración do Día da Universidade) dos certificados de excelencia ao profesorado.
– Situar a avaliación da actividade docente do profesorado no marco das prácticas ao uso internacionalmente recoñecidas, en liña cos criterios de garantía da calidade das titulacións universitarias. – Favorecer a cultura da calidade ligando a actividade docente do profesorado cos obxectivos da institución. – Cumprir cun dos criterios para a acreditación de titulacións que se recollen no deseño dos sistemas de garantía interna da calidade dos centros.	– Utilizar os datos, por parte dos centros para o proceso de seguimento e de renovación da acreditación dos seus títulos, e por parte do profesorado, á súa vez, para os procesos de acreditación, as convocatorias de complementos autonómicos da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a súa consideración como mérito na concesión de axudas en convocatorias de innovación da UDC. – Inclusión dos resultados do Programa Docentia como obxectivo no Plan estratéxico 2020 (PE) da UDC e incorporación deste como indicador de obrigado	Desde a implantación dos procesos de verificación, seguimento e acreditación dos títulos, de acordo coa normativa vixente, os resultados da avaliación do Programa Docentia remítense aos responsables de calidade dos centros para os incluír nos informes que se remiten cada curso académico á ACSUG. O PDI avaliado no programa pode presentalo como mérito nas convocatorias de complementos retributivos. Así, coincidindo cos prazos de presentación de solicitudes e méritos, recibimos na UTC solicitudes de certificados acreditativos. A UDC está a traballar, co horizonte de 2026, na nova

Obxectivos	Consecuencias	Resultados
	cumprimento nos plans estratéxicos dos centros da UDC.	proposta de PE, en que se seguirá a xulgar a participación do PDI na avaliación do Programa Docencia como indicador para considerar para o financiamento dos centros. Ademais, tense en conta como mérito para as diferentes convocatorias internas (convocatorias de innovación, participación en plans de formación etc.), o que pon de manifesto o firme compromiso institucional coa avaliación docente, aliñado co marco estratéxico da UDC canto á política de PDI e o modelo de excelencia docente que aspira acadar.
– Favorecer o desenvolvemento do profesorado e a súa promoción persoal e profesional, de modo que poida ofrecer un mellor servizo á sociedade. – Apoiar individualmente o profesorado proporcionándolle evidencias contrastadas sobre a súa actividade docente e as posibles vías de mellora desta. – Favorecer o proceso de toma de decisións relacionadas coa avaliación, que afectan a diferentes elementos da política de profesorado, como a posta en marcha de plans de formación.	– Elaboración dun plan formativo para o profesorado que axude a mellorar as súas competencias profesionais. O profesorado que realice a avaliación terá preferencia para participar no Programa de apoio ao ensino da UDC. – Valoración da avaliación positiva do Programa Docencia como mérito específico nos concursos para a provisión de prazas de PDI interino e laboral contratado da UDC, aprobada polo Consello de Goberno do 30/04/2014. – Valoración da avaliación positiva como mérito para participar como avaliador/a no Programa Docencia (novidade incorporada na edición décimo primeira do manual)	O Plan de apoio ao ensino (PAE) é o plan de formación do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) que se presenta para cada curso académico. Nel aplícase como criterio de acceso e priorización a avaliación no Programa Docencia (desde 0 puntos, se non se avaliou, ata 5 puntos se constan recomendacións de formación específica), tal e como se pode comprobar na súa páxina web. Os datos de solicitude de formación por curso académico desde a V convocatoria ata a última (IX) son os seguintes: Curso 2015/16: 35,25%. Con accións de mellora específicas: 7,15%. Curso 2016/17: 47,26%. Con accións de mellora específicas: 14,64%. Curso 2017/18: 45,55%. Con accións de mellora específicas: 12,16%. Curso 2018/19: 51,03%. Con accións de mellora específicas: 17,52%. Curso 2019/20: 43,48%. Con accións de mellora específicas: 13,87%. A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente xa está a puntuar a avaliación do Programa Docencia nos concursos de acceso á UDC desde finais do curso académico 2013/14 e de xeito ininterrompido ata a actualidade.
Contribuír ao necesario cambio cultural nas universidades respecto á avaliación da actividade docente, así como potenciar o intercambio de experiencias entre as universidades para a mellora	Deixar patente o compromiso da UDC coa calidade e mellora continua, en liña cos criterios marcados pola Asociación Europea para a Calidade da Educación Superior (ENQA) e	Este resultado é difuso e transversal, e, por tanto, o grao de consecución da meta é complicado de valorar, mais para facelo podería terse en conta, por exemplo, que a avaliación do

Obxectivos	Consecuencias	Resultados
continúa desta actividade.	aceptados polas axencias de calidade.	Programa Docencia da UDC conseguiu forzar a súa consideración nos complementos retributivos por parte da ACSUG. Tamén a través do compromiso da UDC, explicado máis arriba nesta mesma táboa (PE 2026) e explicitado na AM5. O intercambio de experiencias non se iniciou debido a que as outras universidades do SUG aínda non estaban a realizar avaliacións de acordo cun modelo comparable co da UDC. Segundo os nosos datos, a Universidade de Vigo está a executar a terceira convocatoria, que xa sería comparable, motivo polo que xa se iniciaron conversas coa devandita universidade.

6. Accións de mellora (AM)

A Comisión de Seguimento sinala dúas melloras de incorporación necesaria:

a) M1. Incorporar procedementos para coñecer a valoración do proceso de avaliación por parte dos/as estudantes (antiga M6).

A AM1 (antiga M6) inclúese neste apartado como acción de mellora executada. Non se considera que cumpra deseñar un procedemento específico para coñecer a valoración do proceso de avaliación por parte do estudantado. O estudantado participante pode manifestar a súa valoración e/ou opinión ao longo do proceso de avaliación en igualdade de condicións co resto de axentes implicados, como se explica na táboa 6.

Táboa 6. Etapas e vías de participación do estudantado no Programa Docencia da UDC

Perfis do estudantado implicado na avaliación	Momentos para achegar información/satisfacción	Canles para achegar información/satisfacción
Representante do alumnado na CIU	Durante todo o proceso de avaliación, así como antes (elaboración, revisión e aprobación da documentación: manual e convocatorias de avaliación e membros dos CAD) e despois da convocatoria de avaliación (informes de resultados)	1. Durante as reunións a que asiste tanto na CIU como nos outros órganos colexiados da UDC 2. Mediante correo electrónico dirixido á UTC 3. A través da caixa de suxestións da UDC, dispoñible na web institucional.

Avaliador/a membro dos CAD	Cando se publica a convocatoria para formar parte dos CAD, así como durante a súa xestión e resolución Tras a realización da xornada de formación para avaliadores/as Durante o proceso da avaliación: 1. Aplicación informática 2. Traballo autónomo de revisión de expedientes 3. Reunión de consenso	Mediante as canles recollidas na convocatoria, segundo for o momento ou o motivo da comunicación. Da I á VII convocatoria, o grao de satisfacción dos membros dos CAD recolleuse a través da acta que elaboran na reunión de consenso. Desde a VIII convocatoria recóllese mediante un cuestionario de satisfacción que se remite desde a UTC ao finalizar a convocatoria.
Estudantado	Ao final de cada cuadrimestre recóllese a súa satisfacción coa docencia recibida Permanentemente pode manifestar a súa satisfacción co programa de avaliación da actividade docente do profesorado, Programa Docentia	1. Enquisa de satisfacción coa docencia (enquisa DA). 2. Remitindo as súas preguntas, queixas ou suxestións á CIU ou nos órganos colexiados da UDC, a través dos seus representantes 3. Mediante correo electrónico dirixido á vicerreitora (presidenta da CIU) ou á UTC. 4. A través da caixa de suxestións da UDC, dispoñible na web institucional.

b) M2. Establecer o modelo de excelencia docente da universidade (antiga M7).

Actualmente está en proceso de execución a AM7. Como se pode comprobar, a UDC conta cun modelo de excelencia docente que está incorporado na décimo primeira edición do manual de avaliación do programa, actualmente vixente. Está pendente a súa inclusión no Plan estratéxico da UDC.

En canto ás recomendacións da Comisión, presentámolas a seguir:

a) R1. Revisar e mellorar o procedemento de valoración dos elementos cualitativos contidos no autoinforme e no informe das autoridades académicas por parte dos membros do CAD. O uso de rúbricas, coa posibilidade de incorporar observacións, podería facilitar a tarefa de completar o autoinforme. O novo manual de avaliación inclúe un instrumento que pode supoñer un certo avance nesta dirección, que debería verificarse na próxima convocatoria (antiga M4).

Déuselle resposta a través da proposta e execución de dúas accións de mellora: dun lado, coa AM6 modificouse o informe das autoridades; e, do outro, coa AM9 acometeuse a modificación do autoinforme. Os cambios están introducidos na décima edición do manual e continuarán a aplicarse na décimo primeira, ao non contarmos con evidencia en contra.

b) R2. Aumentar a participación do profesorado daqueles centros que non acadan o 30% ou se sitúan lixeiramente por riba desta porcentaxe (antiga R1).

Déuselle resposta a través da AM5, aínda en proceso de execución. Achégase actualizada logo de realizar o seguimento durante a redacción deste informe.

c) R3. Introducir un/unha segundo/a avaliador/a do CAD na valoración inicial, previa á reunión de consenso, para aumentar a fiabilidade das avaliacións, especialmente na información de natureza cualitativa.

Esta recomendación non deu lugar a ningunha acción de mellora. A UDC entende que non cómpre aumentar a fiabilidade das avaliacións porque cada expediente é cualificado por tres avaliadores/as (un membro do PDI interno, da UDC; un membro do PDI externo, designado pola ACSUG, e un/unha estudante), tras cuxo traballo independente quen preside o CAD recibe e revisa as valoracións. Unha das súas responsabilidades é supervisar que hai consenso entre os/as tres avaliadores/as. De non ser o caso, pode tentar dirimir o conflito antes da reunión de consenso ou, de non ser posible, durante a esa mesma reunión.

d) R4. Mellorar o informe do CAD sobre a actividade docente do profesorado, de xeito que permita identificar, inequivocamente, os aspectos que cómpre mellorar na planificación, o desenvolvemento ou os resultados da actividade docente.

Déuselle resposta a través da AM4, que está en proceso de execución. Fíxose o seguimento durante a redacción deste informe.

e) R5. Persistir na realización de distintas accións que permitan incrementar a participación dos/as estudantes na avaliación do profesorado (antiga R2).

Déuselle resposta a través da AM3, que está en proceso de execución. Fíxose o seguimento durante a redacción deste informe.

f) R6. Incluír no Manual unha porcentaxe mínima de resposta dos/as estudantes ás enquisas de calidade docente para garantir a validez das avaliacións.

Esta recomendación non deu lugar a ningunha acción de mellora. A UDC entende que, ata que se execute ao 100% a AM3, non parece necesario establecer unha porcentaxe mínima de respostas.

g) R7. Revisar os criterios de avaliación, así como o baremo de puntuacións, coa finalidade de manter a discriminación do modelo ao longo do tempo.

Déuselle resposta a través da AM10, nova acción de mellora deseñada como resultado da análise desta recomendación e das recomendacións dos CAD e do PDI avaliado.

As accións de mellora (táboa 7) que se recollen neste apartado están organizadas en tres bloques: as novas accións de mellora, elaboradas tras a IX convocatoria de avaliación; as accións de mellora en proceso de execución, e, por último, as accións de mellora que están pechadas. Todas están recollidas aquí:

Táboa 7. Cadro resumo das accións de mellora do Programa Docentia da UDC

N.º	Denominación da proposta de acción de mellora (AM)	Estado das AM		
		Executadas	En proceso de execución	Novas
1	Seguimento e actualización das enquisas de satisfacción que se pasan aos axentes implicados na avaliación do Programa Docentia	x		
2	Revisión e mellora da dimensión de resultados		x	
3	Revisión e mellora das enquisas de avaliación docente (enquisa DA)		x	
4	Revisión das propostas de acción da mellora dos CAD e seguimento das recollidas nas resolucións da CIU		x	
5	Revisión das consecuencias do Programa Docentia e das actividades de difusión		x	
6	Revisión dos informes de responsables académicos/as		x	
7	Establecemento do modelo de excelencia da UDC		x	
8	Cambio no número de membros necesarios para a constitución dos CAD	x		
9	Simplificación do autoinforme (anexo III do manual)	x		
10	Deseño e implantación dunha rúbrica para a avaliación			x

ACCIÓNS DE MELLORA NOVAS

ACCIÓN DE MELLORA N.º10 (AM10)	
PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC-DOCENTIA	
Denominación da proposta	Deseño e implantación dunha rúbrica para a avaliación
Punto débil detectado/análise das causas	Observación expresada polos CAD e polo PDI avaliado na IX convocatoria sobre o positivo de establecer tramos de puntuación no apartado de evidencias, para así axustar as puntuacións que se lles outorguen ás persoas avaliadas. Isto está en liña co novo modelo do Programa Docentia da ANECA. A Comisión de Seguimento tamén o inclúe no último informe de seguimento (sexto) como <i>R7. Revisar os criterios de avaliación, así como o baremo de puntuacións, coa finalidade de manter a discriminación do modelo ao longo do tempo.</i>
Ámbito de aplicación	Manual do Programa Docentia e guía de avaliación dos CAD
Responsable da súa aplicación	Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID)/CIU/UTC
Obxectivo específico	Deseñar unha rúbrica de avaliación para dar máis garantías ao PDI e aos CAD durante o proceso de avaliación e implantala
Actuacións para desenvolver	– Estudar a necesidade de establecer tramos de puntuación por elementos dentro de cada subdimensión no apartado de evidencias/indicadores: rúbrica de avaliación. – Deseñar unha rúbrica como método de avaliación. – Implantar a rúbrica dentro da avaliación do Programa Docentia.
Período de execución	Revisión: ao final da IX convocatoria Aplicación: X convocatoria Análise: XI convocatoria
Recursos/financiamento	Non se necesitan recursos adicionais.
Responsable do seguimento e data	A UTC e a CIU, tras finalizar a X e a XI convocatoria
Indicadores de execución	Non hai indicadores de execución.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán como evidencias da súa implantación	– Incorporación da rúbrica dentro da guía para os CAD. – Actas das reunións de traballo coas presidenciais dos CAD.
Observacións	
Revisión/valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras para desenvolver	

ACCIÓNS DE MELLORA EN PROCESO DE EXECUCIÓN

ACCIÓN DE MELLORA N.º2 (AM2)	
PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC-DOCENTIA	
Denominación da proposta	Revisión e mellora da dimensión de resultados
Punto débil detectado/análise das causas	Puntuacións máis baixas na dimensión de resultados en relación coas outras dúas dimensións de avaliación (planificación da docencia e desenvolvemento do ensino)
Ámbito de aplicación	Dimensións de avaliación do programa
Responsable da súa aplicación	UTC e Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID)
Obxectivos específicos	– Lograr un maior equilibrio entre os indicadores valorables en cada unha das dimensións de avaliación. – Compensar as valoracións entre as dimensións de avaliación.
Actuacións para desenvolver	– Revisar os indicadores que se valoran dentro das tres dimensións de avaliación. – Recolocar, de ser o caso, indicadores dentro das tres dimensións de avaliación. – Valorar a inclusión doutros indicadores na dimensión de resultados.
Período de execución	Para a súa inclusión na oitava edición do manual do programa (VII convocatoria de avaliación) e seguintes
Recursos/financiamento	Non se necesitan recursos adicionais.
Responsable do seguimento e data	A UTC, que ao finalizar cada convocatoria informará a vicerreitora e a CIU, para a súa valoración e aprobación, de ser o caso.
Indicadores de execución	Puntuacións máis equilibradas entre as dimensións de avaliación (a puntuación como termo medio debe tender máis ao notable que ao aceptable na dimensión de resultados)
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán como evidencias da súa implantación	Resultados das persoas que se avalían na VII convocatoria e seguintes (análises da tendencia)
Observacións	
Non hai observacións	
Revisión/valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	30%
Responsable da revisión e data	Persoal da UTC ao finalizar cada convocatoria, con informe á vicerreitora e á CIU
Resultados obtidos	As valoracións/porcentaxes máis baixas seguen a obterse na dimensión de resultados.
Grao de satisfacción	Baixo (dentro dos valores de referencia: baixo-medio-alto)
Accións correctoras para desenvolver	Continúase coas actuacións.
Accións correctoras para desenvolver	Non son necesarias.

ACCIÓN DE MELLORA N.º3 (AM3)	
PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC-DOCENTIA	
Denominación da proposta	Revisión e mellora das enquisas de avaliación docente (enquisa DA)
Punto débil detectado/análise das causas	– A participación do alumnado da UDC segue a ser baixa. – Recomendación proposta no quinto informe de seguimento: <i>R2. Consolidar a mellora da participación dos/as estudantes nas enquisas de satisfacción.</i>
Ámbito de aplicación	Enquisa DA
Responsable da súa aplicación	Comisión de Formación e Asesoramento e Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID)
Obxectivos específicos	Incrementar a porcentaxe de participación do alumnado da UDC na enquisa DA
Actuacións para desenvolver	– Valorar a posibilidade de reducir o número de ítems. – Simplificar as preguntas da enquisa. – Estudar o mellor método de remisión da enquisa e recollida de datos. – Plan de difusión da avaliación do Programa Docentia dirixido a estudantes.
Período de execución	Revisión: desde o final da VII convocatoria Aplicación e análise: X convocatoria e seguintes
Recursos/financiamento	Non se necesitan recursos adicionais.
Responsable do seguimento e data	UTC, en canto á súa aplicación no programa Docentia, con informe á VPAID e mais á CIU
Indicadores de execución	Incremento da porcentaxe de participación
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán como evidencias da súa implantación	Novo formato de enquisa
Observacións	
Paralelamente á revisión interna das enquisas de satisfacción do alumnado que se vai a emprender nos vindeiros meses, iniciáronse contactos entre as tres universidades do SUG para intentar homoxeneizalas, de cara a facilitar a comparación dos resultados nas titulacións interuniversitarias.	
Revisión/valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	15%
Responsable da revisión e data	Persoal da UTC ao final da IX convocatoria de avaliación, durante a redacción do informe de resultados (marzo de 2021)
Resultados obtidos	Xa está elaborada unha proposta de enquisa común para as tres universidades que contén seis ítems. Isto supón unha considerable redución con respecto aos 24 ítems da actual enquisa.
Grao de satisfacción	Baixo
Accións correctoras para desenvolver	Na UDC aínda non comezaron os traballos de revisión da proposta de enquisa interuniversitaria no seo da Comisión de Formación e Asesoramento. Malia estar previsto iniciar esta tarefa durante o curso 2019/20, o contexto orixinado pola pandemia da covid fixo que se adiase. A Vicerreitoría vai reactivar as reunións de traballo no primeiro cuadrimestre do curso 2021/22, en resposta tamén á actual R5, recollida no sexto informe de seguimento.

ACCIÓN DE MELLORA N.º4 (AM4)	
PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC-DOCENTIA	
Denominación da proposta	Revisión das propostas de acción de mellora dos CAD e seguimento das recollidas nas resolucións da CIU
Punto débil detectado/análise das causas	– Recomendación proposta no quinto informe de seguimento: <i>R4. Adecuar as propostas de mellora para o profesorado e reflexionar sobre a escasa satisfacción do profesorado avaliado con estas.</i> – As accións de mellora expostas ata a data impedían o correcto seguimento das melloras implantadas polo profesorado tras a súa avaliación.
Ámbito de aplicación	Accións de mellora establecidas polos CAD na resolución remitida á persoa avaliada
Responsable da súa aplicación	A UTC, a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID), a CGC dos centros da UDC e a CIU
Obxectivos específicos	– Mellorar a redacción das accións de mellora establecidas polos CAD nos informes correspondentes. – Realizar o seguimento das accións de mellora de acordo co procedemento establecido no manual.
Actuacións para desenvolver	– Incorporar un apartado dentro da xornada de formación dos CAD onde se trate especificamente a redacción das accións de mellora nos informes. – Incluír na guía dos CAD un apartado explicativo que inclúa exemplos de redacción das posibles accións de mellora. – Enviar anualmente un correo a todo o profesorado avaliado en que se lles lembre a necesidade de cumprir co establecido no manual, no que ten a ver co seguimento das accións de mellora. – Realizar o seguimento das accións de mellora do PDI avaliado.
Período de execución	VII convocatoria e seguintes
Recursos/financiamento	Non se necesitan recursos adicionais.
Responsable do seguimento e data	A UTC e a CIU
Indicadores de execución	Non hai indicadores de execución.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán como evidencias da súa implantación	– Material de apoio utilizado nas xornadas de formación (VII convocatoria e seguintes) – Guía dos CAD (VII convocatoria e seguintes) – Accións de mellora redactadas en termos obxectivos e medibles, que permitan ao PDI saber con claridade que actuacións debe desenvolver (agás nos casos de resultado de <i>desempeño excelente</i>, na VI convocatoria e seguintes) – Seguimento das accións de mellora do profesorado, de acordo co procedemento establecido no manual (IX convocatoria e seguintes)
Observacións	
Non hai observacións.	
Revisión/valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	50%
Responsable da revisión e data	Persoal da UTC ao final da VIII convocatoria de avaliación, durante a redacción do informe de resultados
Resultados obtidos	Executáronse dúas das catro accións que se propoñían. Están pendentes de execución as dúas últimas.
Grao de satisfacción	Medio
Accións correctoras para desenvolver	Non son necesarias.

ACCIÓN DE MELLORA N.º5 (AM5)	
PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC-DOCENTIA	
Denominación da proposta	Revisión das consecuencias do Programa Docentia e actividades de difusión
Punto débil detectado/análise das causas	– Baixo número de PDI que se presenta á avaliación no Programa. Isto explícase polas escasas consecuencias que ten a súa participación para as figuras de PDI estables. – Melloras propostas no quinto informe de seguimento: <i>M1. Continuar as accións para aumentar significativamente o volume de profesores avaliados/as;</i> e <i>M3. A UDC debe informar con máis concreción sobre a aplicación efectiva das consecuencias previstas no Manual, proporcionando, de ser o caso, algunhas evidencias respecto diso.</i>
Ámbito de aplicación	Consecuencias do Programa Docentia
Responsable da súa aplicación	CIU
Obxectivos específicos	– Revisar as consecuencias do Programa Docentia establecidas no manual. – Estudar a inclusión de novas consecuencias. – Incluír, de ser o caso, novas consecuencias no manual da seguinte edición (X convocatoria). – Informar das consecuencias a todos os colectivos implicados.
Actuacións para desenvolver	– Convocar o pleno da CIU para analizar a inclusión de novas consecuencias no manual. – Incluír, de ser o caso, novas consecuencias no manual da seguinte edición, de cara á X convocatoria de avaliación. – Consolidar a oferta de cursos de formación do PDI para informar das consecuencias de participar no Programa. – Deseñar un plan de difusión da avaliación do Programa Docentia para aumentar o número de PDI avaliado en todos os centros da UDC.
Período de execución	Finais da VIII e IX convocatoria, para a súa análise. X convocatoria e seguintes para a súa execución e valoración.
Recursos/financiamento	Non se necesitan recursos adicionais.
Responsable do seguimento e data	UTC
Indicadores de execución	Non hai indicadores de execución.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán como evidencias da súa implantación	– Acta/s da/s convocatoria/s da CIU, onde se analice a inclusión de novas consecuencias no manual. – Manual da seguinte edición (X convocatoria) coas novas consecuencias xa incorporadas. – Oferta de cursos de formación do PDI, con tratamento específico do Programa Docentia. – Plan de difusión da avaliación do Programa Docentia dirixido a PDI e PAS.
Observacións	
Non hai observacións.	
Revisión/valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	15%
Responsable da revisión e data	Persoal da UTC ao final da IX convocatoria de avaliación, durante a redacción do informe de resultados (marzo de 2021)
Resultados obtidos	Na XI convocatoria do manual incorporouse como consecuencia da avaliación docente o feito de contar cunha avaliación positiva como mérito para participar como avaliador/a no Programa Docentia. En novembro de 2020 tivo lugar unha xornada dirixida ao PAS que desenvolve tarefas de calidade nos centros, onde se lle explicaron as repercusións que para as titulación ten a participación do PDI.
Grao de satisfacción	Baixo (dentro dos valores de referencia: baixo-medio-alto)
Accións correctoras para desenvolver	Non son necesarias.

ACCIÓN DE MELLORA N.º6 (AM6)	
PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC-DOCENTIA	
Denominación da proposta	Revisión dos informes dos/as responsables académicos/as
Punto débil detectado/análise das causas	– Mellora proposta no quinto informe de seguimento: <i>M4. Mellorar o deseño do informe dos/as responsables académicos/as para que achegue información significativa, pondo o acento en valoracións cualitativas sobre o desempeño docente, máis aló do control das obrigas docentes.</i>
Ámbito de aplicación	Informes dos/as responsables académicos/as do Programa Docentia
Responsable da súa aplicación	A UTC e a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID)
Obxectivos específicos	Analizar o informe das autoridades académicas para mellorar o seu deseño e a achega de información.
Actuacións a desenvolver	– Analizar o informe das autoridades académicas. – Propor cambios para mellorar o seu deseño. – Introducir melloras para aumentar a información que se recolle.
Período de execución	Sétima edición do manual/VI convocatoria de avaliación e seguintes
Recursos/financiamento	Non se necesitan recursos adicionais.
Responsable do seguimento e data	UTC
Indicadores de execución	Non hai indicadores de execución.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán como evidencias da súa implantación	Manual de avaliación co anexo <i>Informe das autoridades académicas</i> cos cambios realizados
Observacións	
Non hai observacións.	
Revisión/valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Parcial
Responsable da revisión e data	A UTC, ao finalizar cada convocatoria de avaliación
Resultados obtidos	– Unificáronse os informes das autoridades, dos dous anteriores (dirección de centro e dirección de departamento) a un único informe – Renumeração dos apartados do informe e reescribíronse e/ou dividíronse os apartados que o compoñen. – Coa modificación realizada mellorouse a información obtida a través dos informes (apartado 2.7.2). As autoridades valoran positivamente a adecuación das preguntas, así como a información que achega no seu conxunto ao proceso de avaliación. Todo iso a través dos cuestionarios de satisfacción (aplicados na VII e VIII convocatoria). – Tras as modificacións realizadas séguense recibindo suxestións ao respecto da súa modificación (véxanse as recomendacións do CAD da rama de Enxeñaría e Arquitectura na VIII convocatoria)
Grao de satisfacción	Medio (dentro dos valores de referencia: baixo-medio-alto)
Accións correctoras para desenvolver	Esta AM mantense aberta e propónse o seguinte: – Analizar se os cambios introducidos nos informes das autoridades son suficientes. – Valorar cal das opcións de informe de autoridades é máis conveniente: as dúas versións diferenciadas do inicio ou a versión do informe integrada proposta nas últimas edicións do manual. Realizar unha nova proposta, de ser necesario.

ACCIÓN DE MELLORA N.º7 (AM7)	
PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC-DOCENTIA	
Denominación da proposta	Establecemento do modelo de excelencia da UDC
Punto débil detectado/análise das causas	Mellora proposta no quinto informe de seguimento: <i>M7. Establecer o modelo de excelencia docente da UDC</i>
Ámbito de aplicación	Programa Docentia e Plan estratéxico (PE) da UDC
Responsable da súa aplicación	CIU/equipo de goberno da UDC
Obxectivos específicos	– Redactar o novo PE da UDC. – Incorporar o modelo de excelencia docente da UDC en coherencia co Programa Docentia. – Incluír no PE da UDC cando menos un indicador relacionado coa avaliación do PDI no Programa Docentia.
Actuacións para desenvolver	– Participar nos grupos de traballo para a redacción do novo PE da UDC. – Incorporar o modelo de excelencia docente no PE da UDC, en coherencia co Programa Docentia. – Incluír no PE da UDC cando menos un indicador relacionado coa avaliación do PDI no Programa Docentia.
Período de execución	A partir da publicación do PE 2020-26
Recursos/financiamento	Non se necesitan recursos adicionais.
Responsable do seguimento e data	A UTC, no que respecta ao Programa Docentia
Indicadores de execución	Non hai indicadores de execución.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán como evidencias da súa implantación	– PE 2020/26 da UDC – Edición do manual adaptada ao PE 2020-26
Observacións	
Non hai observacións.	
Revisión/valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	50%
Responsable da revisión e data	Persoal da UTC ao final da IX convocatoria de avaliación, durante a redacción do informe de resultados (marzo de 2021)
Resultados obtidos	A UDC xa conta cun modelo de excelencia, integrado dentro do manual da X convocatoria, no seu apartado 2.3. Porén, queda pendente a súa inclusión no Plan estratéxico da UDC. O equipo de goberno comprometeuse á súa integración.
Grao de satisfacción	Medio (dentro dos valores de referencia: baixo-medio-alto)
Accións correctoras para desenvolver	Non son necesarias.

ACCIÓNS DE MELLORA EXECUTADAS

ACCIÓN DE MELLORA N.º1 (AM1)	
PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC-DOCENTIA	
Denominación da proposta	Seguimento e actualización das enquisas de satisfacción que se pasan aos axentes implicados na avaliación do Programa Docentia
Punto débil detectado/análise das causas	– As porcentaxes de resposta ás enquisas de satisfacción do PDI avaliado no Programa son baixas. – No proceso de recollida de datos para a realización do informe de resultados detectouse que, en ausencia de información remitida pola ACSUG sobre a satisfacción coa xornada de formación impartida aos membros dos CAD (a V convocatoria foi a última), necesitaríamos recollelos desde a UDC. – Mellora proposta no quinto informe de seguimento: <i>M6. Incorporar procedementos para coñecer a valoración do proceso de avaliación por parte dos/as integrantes das comisións de avaliación, estudantes e responsables académicos/as, de tal forma que se recolla a valoración de todos os axentes implicados, non só do profesorado avaliado.</i>
Ámbito de aplicación	Programa Docentia (VI convocatoria e seguintes)
Responsable da súa aplicación	UTC e Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID)
Obxectivos específicos	– Incrementar as porcentaxes de resposta á enquisa de satisfacción do PDI avaliado. – Contar cunha enquisa de satisfacción para os membros dos CAD, sobre as xornadas de formación. – Contar cunha enquisa de satisfacción para as autoridades académicas dos centros da UDC. – Realizar un seguimento das valoracións obtidas nas diferentes enquisas de satisfacción.
Actuacións para desenvolver	– Dividir a enquisa de satisfacción do PDI avaliado na VI convocatoria (para implementar na devandita convocatoria e seguintes). – Elaborar unha enquisa de satisfacción sobre as xornadas de formación para remitila aos membros dos CAD (para implementar na VII convocatoria e seguintes). – Elaborar unha enquisa de satisfacción para as autoridades académicas sobre a súa participación no proceso de recompilación de datos e redacción de informes sobre o PDI avaliado baixo a súa responsabilidade. (para implementar na VIII convocatoria e seguintes). – Recoller e analizar os resultados das diferentes enquisas de satisfacción para observar tendencias encamiñadas á toma de decisións.
Período de execución	Desde a VI convocatoria de avaliación e de modo continuado en todas as sucesivas
Recursos/financiamento	Non se necesitan recursos adicionais.
Responsable do seguimento e data	Persoal da UTC ao finalizar cada convocatoria de avaliación (cando corresponda temporalmente de acordo coa resolución de reclamacións, se as houber) e/ou coincidindo coa redacción dos respectivos informes de resultados. A UTC informa a vicerreitora e a CIU para a súa valoración e aprobación, der ser o caso.
Indicadores de execución	Incremento das porcentaxes de resposta/participación e mantemento dos índices de satisfacción dentro dun tramo entre 5 e 6 puntos (dentro dunha escala de Likert 1-7).
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán como evidencias da súa implantación	– A enquisa de satisfacción coa xornada de formación impartida aos membros dos CAD – A enquisa de satisfacción para as autoridades académicas dos centros da UDC

Observacións	
Respecto dos indicadores de execución, non se establece unha porcentaxe de participación ou resposta determinada porque o estudo e a valoración da satisfacción dos axentes implicados non depende de que haxa un tamaño de mostra estatisticamente significativo, senón máis ben de que as repostas sexan precisas e de que se recolla adecuadamente como se senten as persoas implicadas, en cada caso. Consideramos que toda a retroalimentación recibida é importante.	
Revisión/valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Total (100%)
Responsable da revisión e data	Persoal da UTC ao finalizar cada convocatoria, con informe á vicerreitora e á CIU
Resultados obtidos	– Como se pode comprobar polos datos contidos no informe, as porcentaxes de resposta/participación aumentaron, tal como se propuña, e os índices de satisfacción mantéñense dentro do tramo de referencia (entre os 5 e os 6 puntos). – Elaborouse a enquisa de satisfacción coa xornada de formación impartida dirixida aos membros dos CAD, que se implantou desde a VII convocatoria de avaliación. – Elaborouse a enquisa de satisfacción para as autoridades académicas dos centros da UDC, que se implantou na última convocatoria executada (VIII convocatoria).
Grao de satisfacción	Alto (dentro dos valores de referencia: baixo-medio-alto)
Accións correctoras para desenvolver	Non se propoñen accións correctoras. Péchase a acción de mellora.

ACCIÓN DE MELLORA N.º8 (AM8)	
PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC-DOCENTIA	
Denominación da proposta	Cambio no número de membros necesarios para a constitución dos CAD
Punto débil detectado/análise das causas	Durante a elaboración deste informe integrado das convocatorias de avaliación do Programa Docencia, constatouse a necesidade recorrente de desdobrar algún dos comités (sempre cómpre no caso da rama de Enxeñaría e Arquitectura), así como o reducido número de solicitudes nalgunha rama (caso de Artes e Humanidades na VIII convocatoria), polo que se valorou a necesidade de establecer o número de membros que será preciso para a constitución dos CAD en relación co número de solicitudes de avaliación recibidas.
Ámbito de aplicación	Composición dos CAD do Programa Docencia
Responsable da súa aplicación	A UTC e a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID)
Obxectivos específicos	Axustar a composición dos CAD ao número de solicitudes recibidas en cada convocatoria de avaliación
Actuacións para desenvolver	– Estudar, desde a UTC, as posibilidades existentes para axustar a composición dos CAD ao número de solicitudes recibidas en cada convocatoria de avaliación. – Convocar a CIU para presentar a proposta da UTC, valorala e, de ser o caso, aprobar os cambios incorporados na nova edición do manual (con vistas a incluír as diferentes opcións de composición dos CAD no apartado 5.2.2.2. <i>Os comités de avaliación docente</i>). – Aprobar a nova edición do manual no Consello de Goberno.
Período de execución	Implementarase na IX convocatoria de avaliación e incluírse na nova versión do manual (décima edición)
Recursos/financiamento	Non se necesitan recursos adicionais.
Responsable do seguimento e data	UTC
Indicadores de execución	Non hai indicadores de execución.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán como evidencias da súa implantación	Décima edición do manual, cos cambios incluídos
Observacións	
Non hai observacións.	
Revisión/valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	100%
Responsable da revisión e data	Persoal da UTC ao final da IX convocatoria de avaliación, durante a redacción do informe de resultados (marzo de 2021)
Resultados obtidos	Logo de incluír na décima e na décimo primeira edición do manual a composición dos CAD segundo o número de solicitantes susceptibles de avaliación, informamos de que hai un maior axuste entre a composición dos CAD e o número de solicitudes. Isto permite un uso máis eficiente dos recursos. En calquera caso, seguiranse analizando os datos para avaliar a eficacia desta medida.
Grao de satisfacción	Alto (dentro dos valores de referencia: baixo-medio-alto)
Accións correctoras para desenvolver	Non son necesarias.

ACCIÓN DE MELLORA N.º 9 (AM9)	
PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC-DOCENTIA	
Denominación da proposta	Simplificación do autoinforme (anexo III do manual)
Punto débil detectado/análise das causas	Durante a elaboración deste informe integrado das convocatorias de avaliación do Programa Docentia, detectouse que o profesorado avaliado consideraba que o contido do autoinforme non era axeitado para valorar a calidade docente (resposta á enquisa de satisfacción da VIII convocatoria), algo que se levaba sinalando xa nas observacións das convocatorias previas. Tamén o sinalan os CAD na VII e VIII convocatoria.
Ámbito de aplicación	Autoinforme do/a profesor/a, anexo III do Programa Docentia
Responsable da súa aplicación	A UTC e a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID)
Obxectivos específicos	Analizar diferentes alternativas para simplificar o autoinforme do/a profesor/a
Actuacións para desenvolver	– Estudar, desde a UTC, as posibilidades existentes para simplificar o autoinforme reducindo o número de campos que ten que cubrir a persoa avaliada. – Convocar a CIU para presentar a proposta da UTC, valorala e, de ser o caso, aprobar os cambios incorporados na nova edición do manual (con vistas a incluír os ditos cambios no anexo III). – Aprobar a nova edición do manual no Consello de Goberno.
Período de execución	Implementarase na IX convocatoria de avaliación e incluírse na nova versión do manual (décima edición)
Recursos/financiamento	Non se necesitan recursos adicionais.
Responsable do seguimento e data	UTC
Indicadores de execución	Non hai indicadores de execución.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán como evidencias da súa implantación	Décima edición do manual, cos cambios incluídos
Observacións	
Non hai observacións.	
Revisión/valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	100%
Responsable da revisión e data	Persoal da UTC ao final da IX convocatoria de avaliación, durante a redacción do informe de resultados (marzo de 2021)
Resultados obtidos	Logo de incluír na décima edición do manual (IX convocatoria) a nova versión do autoinforme (anexo III), observamos que hai unha mellora nas valoracións das persoas solicitantes. Proba disto son os datos que contén a táboa 2.
Grao de satisfacción	Alto (dentro dos valores de referencia: baixo-medio-alto)
Accións correctoras para desenvolver	Non son necesarias.

Anexo I

Enquisa para o profesorado IX convocatoria do Programa Docentia

Solicitámoslle que, para mellorar o Programa Docentia, conteste o seguinte cuestionario e engada as suxestións e valoracións que considere respecto aos seguintes aspectos:

- A aplicación informática
- O desenvolvemento do Programa Docentia
- Os resultados
- Outras consideracións que estime oportunas

Conteste nunha escala do 1 a 7, onde:

- 1. Totalmente en desacordo
- 7. Totalmente de acordo
- (NS/NC) Non ten información

Pode enviar a enquisa por correo electrónico a ou por correo interno (se desexa manter o anonimato) á:

Unidade Técnica de Calidade
Reitoría da Universidade da Coruña
Rúa da Maestranza 9
15001 A Coruña

A data límite para enviar a enquisa é o **15 de xaneiro de 2021**.

Moitas grazas pola súa colaboración.



APLICACIÓN INFORMÁTICA								
	NS/NC	1	2	3	4	5	6	7
1. Resultoulle de fácil acceso								
2. Foi fácil de utilizar								
3. Ante as dúbidas xurdidas ao usala recibiu información correcta desde a Unidade Técnica de Calidade (UTC)								
4. Ante os problemas técnicos xurdidos facilitáronse novas vías alternativas								
5. Facilitoulle o labor de incorporar os datos e os xustificantes correspondentes								
6. Facilitoulle o labor de revisar e reclamar os datos que incorporou a UDC								
7. Facilitoulle a elaboración do autoinforme								
6. Está axustada aos requirimentos do Programa Docentia								
Eu proporía as seguintes melloras na aplicación:								
DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DOCENTIA								
	NS/NC	1	2	3	4	5	6	7
8. Se asistiu á xornada formativa convocada pola Vicerreitoría, aclaroulle o que posteriormente tivo que realizar no Programa Docentia								
9. As veces que contactou coa UTC a información recibida foi adecuada								
10. As veces que contactou coa UTC o trato recibido foi adecuado								
11. A información que lle remitiu a CIU, a través do correo electrónico, sobre o desenvolvemento do proceso (fases, datas en que se desenvolveu etc.) foi adecuada								
12. Os prazos foron axeitados								
13. O autoinforme é fácil de completar								
14. O tempo investido en completar o autoinforme é adecuado								
15. O contido do autoinforme é adecuado para valorar a calidade docente								
16. Considera adecuadas as etapas do Programa Docentia: presentación da solicitude, incorporación das evidencias e dos xustificantes correspondentes, revisión e reclamación das evidencias que incorporou a UDC e elaboración do autoinforme								
Eu proporía as seguintes melloras:								

Outras suxestións con relación ao Programa Docencia que non aparecen recollidas nos puntos anteriores:								
RESULTADOS								
	NS/NC	1	2	3	4	5	6	7
17. O procedemento de envío da resolución da Comisión Interna da Universidade (CIU) co resultado obtido na avaliación pareceulle axeitado								
18. A composición da CIU parécelle adecuada								
19. A forma de selección dos membros dos comités de avaliación docente por medio de convocatoria pública entre o PDI da UDC parécelle correcta								
20. Considera adecuadas as propostas de mellora que recibiu na resolución da CIU co resultado obtido na avaliación								
21. Sentiuse avaliado/a correctamente								
22. Estou de acordo coas consecuencias derivadas dos resultados da avaliación:								
Xerar información para a UDC sobre a calidade do seu profesorado								
Elaboración dun plan formativo para o profesorado da UDC								
Ter preferencia para participar no Programa de apoio ao ensino da UDC								
Valoración como mérito nos concursos para a provisión de prazas de profesorado interino e laboral contratado								
Valoración como mérito nas convocatorias de complementos autonómicos da Xunta de Galicia								
Consideración como mérito na concesión de axudas en convocatorias de innovación da UDC								
Eu proporía as seguintes melloras neste punto:								
Outras suxestións con relación ao Programa Docencia que non aparecen recollidas nos puntos anteriores:								

Anexo II

Enquisa para as autoridades académicas IX convocatoria do Programa Docentia

Solicitámoslle que, para mellorar o Programa Docentia, conteste o seguinte cuestionario e engada as suxestións e valoracións que considere respecto aos seguintes aspectos:

- A aplicación informática
- O desenvolvemento do Programa Docentia
- O informe das autoridades académicas
- Outras consideracións que estime oportunas

Conteste nunha escala do 1 a 7, onde:

- 1. Totalmente en desacordo
- 7. Totalmente de acordo
- (NS/NC) Non ten información

Pode enviar a enquisa por correo electrónico ao enderezo docentia@udc.gal ou por correo interno (se desexa manter o anonimato) á:

Unidade Técnica de Calidade
Reitoría da Universidade da Coruña
Rúa da Maestranza 9
15001 A Coruña

A data límite para enviar a enquisa é o **20 de outubro de 2020**.

Moitas grazas pola súa colaboración.



APLICACIÓN INFORMÁTICA								
	NS/NC	1	2	3	4	5	6	7
1. Resultoulle de fácil acceso								
2. Foi fácil de utilizar								
3. Resultoulle doado de cubrir o/s informe/s								
4. Ante as dúbidas xurdidas ao usala recibiu información correcta desde a Unidade Técnica de Calidade (UTC)								
5. Ante os problemas técnicos xurdidos, de ser o caso, facilitáronse novas vías alternativas								
6. Facilitoulle o labor de revisar datos sobre o profesorado do que se lle requiría informe								
7. Está axustada aos requirimentos do Programa Docencia								
8. Facilitoulle a elaboración dos informes								
Eu proporía as seguintes melloras na aplicación:								
DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA								
	NS/NC	1	2	3	4	5	6	7
9. As veces que contactou coa UTC a información recibida foi adecuada								
10. As veces que contactou coa UTC o trato recibido foi adecuado								
11. Os prazos para cubrir os informes foron axeitados								
Eu proporía as seguintes melloras no procedemento:								
INFORME DAS AUTORIDADES ACADÉMICAS								
	NS/NC	1	2	3	4	5	6	7
12. A redacción dos ítems pareceulle clara								
13. Soubo como responder todas as cuestións que se lle formulaban								
14. Os ítems que compoñen o informe parecerónlle adecuados								
15. Considera que o dito informe achega información importante ao proceso de avaliación								
Eu proporía as seguintes melloras neste punto:								
Outras suxestións con relación á xestión do Programa Docencia que non aparecen recollidas nos puntos anteriores:								

Anexo III

**Enquisa para os membros dos comités de avaliación docente
(CAD)
IX convocatoria do Programa Docentia**

Solicitámoslle que, para mellorar o Programa Docentia, conteste o seguinte cuestionario e engada as suxestións e valoracións que considere respecto aos seguintes aspectos:

- A aplicación informática
- O desenvolvemento do Programa Docentia
- Outras consideracións que estime oportunas

Conteste nunha escala do 1 a 7, onde:

- 1. Totalmente en desacordo
- 7. Totalmente de acordo
- (NS/NC) Non ten información

Pode enviar a enquisa por correo electrónico ao enderezo docentia@udc.gal ou por correo interno (se desexa manter o anonimato) á:

Unidade Técnica de Calidade
Reitoría da Universidade da Coruña
Rúa da Maestranza 9
15001 A Coruña

A data límite para enviar a enquisa é o **5 de febreiro de 2021**.

Moitas grazas pola súa colaboración.



APLICACIÓN INFORMÁTICA								
	NS/NC	1	2	3	4	5	6	7
1. Resultoulle de fácil acceso								
2. Foi fácil de utilizar								
3. Resultoulle doado de cubrir os informes do profesorado								
4. Facilitoulle o labor de revisar as evidencias/indicadores do profesorado								
5. Facilitoulle o labor de revisar os xustificantes/certificados relativos ás evidencias/indicadores								
6. Facilitoulle o labor de consultar os informes das autoridades académicas (responsables dos centros e dos departamentos)								
7. Facilitoulle a elaboración dos informes								
Eu proporía as seguintes melloras na aplicación:								
DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DOCENTIA								
	NS/NC	1	2	3	4	5	6	7
8. Se asistiu á xornada formativa convocada pola Vicerreitoría, aclaroulle o que posteriormente tivo que realizar no Programa Docentia								
9. As veces que contactou coa UTC a información recibida foi adecuada								
10. As veces que contactou coa UTC o trato recibido foi adecuado								
11. A información que lle remitiu a UDC sobre o desenvolvemento do proceso foi adecuada (manual, datos de contacto dos/as presidentes/as dos comités etc.)								
12. A información que lle remitiu o/a presidente/a do Comité da Avaliación Docente (CAD) sobre o desenvolvemento do proceso foi adecuada (guía de avaliación para os comités, criterios para avaliar, documento cos datos das persoas que compoñen o CAD etc.)								
13. O prazo para elaborar os informes do profesorado foi axeitado								
14. Os informes son fáciles de completar								
15. O tempo investido en completar os informes é adecuado								
Eu proporía as seguintes melloras:								
Outras suxestións con relación ao Programa Docentia que non aparecen recollidas nos puntos anteriores:								